

ARTIGO 1.- PARTICIPANTES

Na carreira popular poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. A proba negreiresa está inscrita no calendario **INTERNACIONAL II** de carreiras en ruta.

Os e as participantes do Campionato de España Master 5K deberán estar en posesión da licenza Nacional correspondente en vigor.

ARTIGO 2.- INSCRICIÓN E PRAZOS

O prazode inscriciónde participantes na **XLV CARREIRA POPULAR DE NEGREIRA** quedará aberto dende o **MARTES 1 de setembro ata ás 22:00 h. do mércores 11 de novembro**. A partir da citada data non se admitirán inscricións. Os corredores que desexen participar na proba, teñen a obriga de inscribirse en www.emesport.es (soporte técnico: **654 285 692** – Email: soporte@emesports.es).

As inscricións do Campionato de España Máster realizaranse a través da web da RFEA (ver circular do Campionato en www.rfea.es).

***IMPORTANTE:** Para participar na 1ª Carreira (DENDESUB-16 ata MASTER 4) 5.000m. (Homologada) e a 2ª Carreira (DENDE SUB-20 ATA MASTER 4) 10.000 m. (Homologada) os atletas deberán aboar a **cantidade de 8 €/participante** unha vez que fagan a solicitude de inscrición, dende o 1/09/2026– 11/10/2026, e **10 €/participante** dende o 12/10/2026– 11/11/2026.

Nota: Os participantes poden facer efectiva a inscrición nunha sóa carreira (5 K. ou 10 K.)

Esta proba pertence o calendario oficial da RFEA e está incluída no Calendario Oficial da FGA, estando rexida polo Comité Galego de Xuíces. e mediante a súa inscrición, o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos (Nome, Apelidos, NIF/NIE/Pasaporte, Data de nacemento, Sexo e Código Postal de residencia), serán enviados á RFEA para a

xestión das licencias de día, resultados e ranking. A posesión da licenza garante que o corredor participa cuberto por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

En todo caso, e tal como establece a lei de protección de datos, o interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito o correo electrónico ó programa Carnet Corredor da Real Federación Española de Atletismo. Avda. de Valladolid, 81 – 28008 Madrid. E-mail: rfea@rfea.es

ARTIGO 3.- DORSAIS

Todos os participantes deberán ter dorsal e chip, que o teñen que recoller no **PAVILLÓN DOCEIP OCOTO** (na liña de saída) dende as 8:30 h. ata 1/2 hora antes da proba o día da Carreira. Tamen poden recollelo o día anterior no **PAVILLÓN DOCEIP O COTO** en horario de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 20:00 h.

Os dorsais e o chip son personais e intrasferibles, debendo ir colocado o dorsal no peito sen manipular nin doblar e o chip suxeito nas zapatillas. Os xuíces da proba e a organización reservan a facultade de descalificar o infractor que, comprobará calquera irregularidade por algún corredor, non leve visible o seu dorsal, ou manipule e/ou o ceda a outro, altere os datos facilitados á organización ou ó xuíz árbitro con respecto os que figuren no seu D.N.I. ou ficha federativa, non completar o percorrido completo, non facilite á Organización a documentación que se lle requira, ou incumpla calquera outra norma contemplada nas normas da FGA, RFEA ou IAAF.

Será obrigatorio por parte dos federados competir coa indumentaria do seu correspondente clube, puidendo ser sancionados en caso contrario.

A decisión sobre a posible descalificación do atleta, será adoptada polo Colexio Oficial de xuíces e cronometradores da F.G.A. polas circunstancias antes mencionadas e dita decisión será irrecurrible. Todas as reclamacións deberán facerse por escrito dirixidas á F.G.A.

ARTIGO 4.- PARTICIPACIÓN DE ATLETAS DOUTRAS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E ESTRANXEIROS/AS

Esta carreira está incluída no calendario RFEA Nivel II da Real Federación Española de Atletismo e da Federación Galega de Atletismo, polo tanto, a participación de atletas estranxeiros/as e doutras federacións autonómicas rexerase de acordo co disposto no regulamento de competición da Real Federación Española de Atletismo correspondente á tempada 2025 para probas en ruta

ARTIGO 5.- CATEGORÍAS E HORARIOS PROBAS

- **Chupete F/M:** Nados/as en 2021 e posteriores.
- **Prebenxamíns F/M:** Nados /as en 2019 e 2020.
- **SUB 10 – Benxamín F/M:** Nadas/os en 2017 e 2018.
- **SUB 12 – Alevín F/M:** Nadas/os en 2015 e 2016.
- **SUB 14 – Infantil F/M:** Nadas/os en 2013 e 2014.
- **SUB 16 – Cadete F/M:** Nadas/os en 2011 e 2012.
- **SUB 18 – Xuvenil F/M:** Nadas/os en 2009 e 2010.
- **SUB 20 – Xunior F/M:** Nadas/os en 2007 e 2008.
- **SUB 23 – Promesa F/M:** Nadas/os en 2004, 2005 e 2006.
- **Senior F/M:** Nadas/os en 1992 ao 2003.
- **Master 1 M35 – F35:** Nados entre 1986-1991
- **Master 2 M40 – F40:** Nados entre 1976-1985
- **Master 3 M45 – F45:** Nados entre 1966-1975
- **Master 4 M50 – F50:** Nados entre 1965 e anteriores

1ª CARREIRA (5 K.): DENDE SUB-16 A MASTER. DISTANCIA: 5.000 m.
(HOMOLOGADA) **HORA SAÍDA: 9:45 h**

2ª CARREIRA (CAMPIONATO ESPAÑA MASTER 5 K.): . DISTANCIA: 5.000 m.
(HOMOLOGADA) **HORA SAÍDA: 10:30 h**

3ª CARREIRA (10 K.): SUB-20 A MASTER. DISTANCIA: 10.000 m.
(HOMOLOGADA) **HORA SAÍDA: 11:10 h**

4ª CARREIRA: SUB-14 E SUB-12. DISTANCIA: 1.200 m. **HORA SAÍDA: 12:30 h**

5ª CARREIRA: SUB-10. DISTANCIA: 1.200 m. **HORA SAÍDA: 12:45 h**

6ª CARREIRA: PREBENXAMÍNS. DISTANCIA: 250 m. **HORA SAÍDA: 13:10 h**

7ª CARREIRA: CHUPETES. DISTANCIA: 200 m. **HORA SAÍDA: 13:20 h.**

ARTIGO 6.- PREMIOS EN METÁLICO (Carreira 10 K.)

Os atletas que obteñan algún premio en metálico, deberán acreditarse co seu D.N.I. ou Pasaporte. (Mesma cantidade tanto homes como mulleres)

PREMIOS ABSOLUTA

1 – 900 €

2 – 500 €

3 – 300 €

4 – 200 €

5 – 100 €

6- </Gran Trofeo

ATLETAS GALEGOS * Deben ser atletas nados en Galicia (acumulable) .

(Mesma cantidade tanto homes como mulleres)

1 – 200 €

2 – 100 €

3 – 50 €

ATLETAS LOCAIS * Os atletas deben estar empadroados en Negreira.

1 – 100 €

2 – 50 €

3 – 40 €

* Cada atleta só poderá optar a un premio, sempre o de maior cuantía

EQUIPOS FEDERADOS

1º – 400 €

2º – 200 €

3º – 100 €

EMPRESA CON MÁIS PARTICIPANTES

1.- 400 €


*O material deberá ser mercado en establecementos de Negreira.

ARTIGO 7.- TROFEOS E REGALOS

- Na 3ª Carreira **10 K. (DENDE SUB-20 ATA MASTER 4)**: Haberá Trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoria tanto en homes como en mulleres. Os 6 primeiros homes clasificados na xeral tamén obterán trofeos, así como as 6 primeiras mulleres na xeral. Todos os participantes que cheguen á meta, recibirán unha **BOLSA DE CORREDOR***.
- Na 1ª Carreira **5 K. (DENDE SUB-16 ATA MASTER 4)**: Haberá Trofeos para os tres primeiros clasificados da categoria Cadete e Xuvenil e Absoluta así como os locais tanto en homes como en mulleres. Todos os participantes obterán unha **BOLSA DE CORREDOR***.
- Na 4ª Carreira (**SUB-14 E SUB-12**) : Todos os participantes recibirán unha medaia e unha **BOLSA DE CORREDOR***.
- Na 5ª Carreira (**SUB-10**) : Todos os participantes recibirán unha medaia e unha **BOLSA DE CORREDOR***.
- Na 6ª Carreira (**PREBENXAMÍN**) : Todos os participantes recibirán unha medaia e unha **BOLSA DE CORREDOR***.
- Na 7ª Carreira (**CHUPETES**) : Todos os participantes recibirán unha medaia e unha **BOLSA DE CORREDOR***.

***BOLSA DE CORREDOR:** Composta por Bolsa de Polyester, Camiseta Técnica, Pastel, Batido, Bebida isotónica.

ARTIGO 8.- CIRCUITO



ARTIGO 9.- PECHE CARREIRAS E PREMIOS ESPECIAIS

O peche de control de chegada na carreira de 10 kserá 1 hora e 10 min.despois dasaída.
Na proba de 5 k. o peche de control será 40 minutos despois da saída. Haberá un premio para o corredor de maior idade, participante na Carreira 10 K., que chegue a meta dentro do tempo límite (home e muller).

ARTIGO 10.- SISTEMA DE PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS

Na clasificación por equipos puntuarános 10 primeiros de cada equipo, dándolle 1 punto o 1º, 2 puntos o 2ª, etc....., o equipo que menos puntos teña será o vencedor. O empate resolverase según o disposto no regulamento da IAFA. Para poder optar ó premio os equipos federados, no momento da inscrición, deberase presentar o certificado da federación, acreditando os membros do equipo.

ARTIGO 11.- PROTECCIÓN DE DATOS

~~Todos os~~ **Todos os/as** polo feito de realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e ou internet. Mediante a súa inscrición, o corredor consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola organización (RFEA e Concello de Negreira) para comunicacións sobre as súas actividades. En todo caso, e tal e como establece a Lei de Protección de Datos, o interesado/a pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico ao Departamento de Deportes do Concello de Negreira, Rúa san Mauro, 11 s/n. 15830 Negreira; culturadeportes@concellodenegreira, ou ben a RFEA.

ARTIGO 12.- CLASIFICACIÓNS E FOTOGRAFIAS

As clasificacións e fotografías, publicaranse en diferentes medios de comunicación da provincia así como en revistas especializadas e páxinas oficiais como:

- <http://www.concellodenegreira.gal>
- <http://www.correrengalicia.org/>
- <http://www.carreraspopulares.com/>
- <http://www.emesports.es>
- www.atletismo.gal
- www.carreirasgalegas.com
- www.atletismorfea.es

de facebook da Carreira:

Na paxina oficial
[Carreira Popular Negreira](#)

ARTIGO 13.- ENTREGA DE TROFEOS

Unha vez rematada a 6ª carreira, a entrega de premios será no C.E.I.P. O Coto (nas proximidades da liña de meta), en torno as 13:30 h.

A entrega de premios do CAMPEONATO DE ESPAÑA MASTER 5K, será na praza Teresa Fabreiro ás 12:30h.

ARTIGO 14.- RECLAMACIÓNS

As posibles reclamacións serán presentadas ante o Comité de Competición, quen resolverá con arranxo ó regulamento citado anteriormente.

ARTIGO 15.- DESCALIFICACIÓNS

- Por deterioro físico do atleta.
- Por abandono do circuito delimitado para a proba.
- Por non levar o dorsal ou chip perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a entrada na Meta.
- Por participar con un dorsal ou chip que corresponda a outro corredor, por participar con máis dun dorsal ou chip.

- Por realizar a inscrición con datos alterados.
- Por no atender as indicaciónes da Organización ou xuíces.
- Por entrar fora da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.

ARTIGO 16.- CLÁUSULAS ADICIONAIS

- **Primeira:** A organización reservase a potestade de cambiar os percorridos definidos, modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas ós participantes.
- **Segunda:** Ningún atleta federado poderá competir con outro Clube que non sexa o que figure na súa licencia correspondente. En caso de que se producira esta situación, o atleta será descalificado automaticamente.
- **Terceira:** A organización do Circuito declina toda a responsabilidade dos danos que os atletas puideran ocasionar, ocasionarse ou derivasen da participación destes nas probas. Todos os atletas inscritos nas probas darán por aceptado o presentes Regulamento e en caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

COMITÉ ORGANIZADOR: Concello de Negreira

COMITÉ DE COMPETICIÓN: Real Federación Española de Atletismo e Federación Galega de Atletismo.

ARTIGO 17.- CLÁUSULAS ADICIONAIS

1. Caixóns de saída por marcas (dorsais por cores).
2. Globos (lebres) -40' – 45' -50' (Carreira 10 K.)
3. Servicio de cronometraxe por chips – Emesports
4. Bolsa do corredor (bolsa, camiseta técnica, batido, pastel, bebida isotónica).
5. Fotografía profesional.
6. Servizo de gardaroupa.
7. Servizo de gardería.
8. Servizo de duchas (autobús dende a liña de Saída/Meta)
9. Avituallamentos líquidos (Km. 3,5 e 8,5) e en META (froita , etc...)
10. Avituallamento en Meta : Bolsa do corredor , froita e auga.
11. Kilómetros marcados.
12. Carreira 10 K. e 5 K. CON DISTANCIAS HOMOLOGADAS